tomoΣ CONSERVACIÓN RESTAURACIÓN ARQUEOLOXÍA

CONTROL ARQUEOLÓXICO DE ROZA E PODA NO "MONTE DE PAREDES" (PAREDES - CAMPO LAMEIRO - PONTEVEDRA)

MEMORIA TÉCNICA

ÍNDICE.

0.FICHA TÉCNICA..... 2

1.CONTEXTO..... 5

1.1. Contexto xeográfico.
1.1.1. Situación.
1.1.2. Emprazamento.
1.2. Contexto arqueolóxico.
1.2.1. Administrativo/Patrimonial.
1.2.2. O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre.
1.2.3. Arqueolóxicos (investigación-intervención).

2.ESTRUCTURA DE OBRA..... 11

2.1. Obxectivos da intervención.
2.2. Condicións de obra.
2.2.1.
2.2.2.
2.3. Equipo técnico e material.
2.3.1.
2.3.2.
2.4. Duración-Horarios.

3.METODOLOXÍA..... 16

3.1. Plano de intervención.
3.1.1. Consulta bibliográfica e documental.
3.1.2. Control de desbroce e prospección arqueolóxica.
3.1.3. Rexistro dos xacementos arqueolóxicos localizados.

4.RESULTADOS..... 20

5.APARTADO GRÁFICO (LÁMINAS)..... 31

6.BIBLIOGRAFÍA..... 36

0. FICHA TÉCNICA.

Memoria Técnica do Control arqueolóxico de roza e poda no "Monte de Paredes" (Paredes – Campo Lameiro - Pontevedra).

0.2. CODIGO DE PROXECTO.

CE 102A 2006/270-0

0.3. ENTIDADE PROMOTORA.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
Consellería de Cultura e Deporte.
Xunta de Galicia.

0.4. ENTIDADE CONTRATISTA.

TOMOS CONSERVACIÓN RESTAURACIÓN S.L.
Rúa Cancelleiro, 19-2º (36201-Vigo).
C.I.F.: B-36779303.
Tf./Fax: 986-225523.

0.5. LOCALIZACIÓN.

Lugar: Monte de Paredes.
Parroquia: Santa María de Moimenta.
Concello: Campo Lameiro.
Provincia: Pontevedra.

0.6. DIREC CIÓN E REDACCIÓN.

Santiago VÁZQUEZ CONLAZO.
N.I.F.: 32.772.176-M.
Rúa Santa Luzia de Marillac, nº 13 – 1º dereita (15002 – A Coruña).
Tf.: 981-900824.

0.7. EQUIPO TÉCNICO.

Traballo de campo:
Santiago VÁZQUEZ CONLAZO.

0.1. TÍTULO.

Memoria Técnica do Control arqueolóxico de roza e poda no "Monte de Paredes" (Paredes – Campo Lameiro - Pontevedra).

0.2. CODIGO DE PROXECTO.

CD 102A 2006/270-0

0.3. ENTIDADE PROMOTORA.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
Consellería de Cultura e Deporte.
Xunta de Galicia.

0.4. ENTIDADE CONTRATISTA.

TOMOS CONSERVACIÓN RESTAURACIÓN S.L.

0.5. LOCALIZACIÓN.

Lugar: Monte de Paredes.
Parroquia: Santa María de Moimenta.
Concello: Campo Lameiro.
Provincia: Pontevedra.

0.6. DIRECCIÓN E REDACCIÓN.

Santiago VÁZQUEZ COLLAZO.

0.7. EQUIPO TÉCNICO.

Traballo de campo:
Santiago VÁZQUEZ COLLAZO.

Preparación de Cartografía final:
Santiago VÁZQUEZ COLLAZO e **Alejandra VÁZQUEZ GROBAS**.

Fotografía de campo:
Santiago VÁZQUEZ COLLAZO.

0.8. EQUIPO MATERIAL.

Cartografía: Planos a escala *1:5.000* (**Xunta de Galicia**).
Planos a escala *1:10.000* (da antiga **Consellería de Ordenación do Territorio** da **Xunta de Galicia**).
Planos *1:20.000* (reducción dos anteriores).

Fotografía aérea: SixPac (escala *1:2.500*).

Material fotográfico: tomas fotográficas en soporte dixital.

0.9. DATAS DE REALIZACIÓN.

17-07 / 19-07 / 26-07 / 01-08 / 28-08 / 13-09 / 18-09 - 2006 (Traballo de campo).

Vigo, 9 de outubro de 2006

Asdo.: **Santiago VÁZQUEZ COLLAZO**

1. CONTEXTO.

Unha vez rematado o traballo de campo correspondente ao Control arqueolóxico de roza e poda no "Monte de Paredes" (Parroquia – Campo Lameiro – Pontevedra), e tal e como se indica no *Capítulo III, artigo 11º do Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia*, pasamos a expoñer a obrigada *Memoria Técnica* onde se detallan os resultados do proxecto arqueolóxico antes mencionado.

Tal e como se recollía no Proxecto de obra previo á traballo de campo, e maiores da importancia que desde o punto de vista arqueolóxico podían ter a área afectada polas desbroces, os tan coñecidos e próximos á carón do futuro *Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre de Paredes-Piedaxoal* polo que se considerou necesario (tanto para os propietarios, dos terrenos como para as máis relevantes encargadas da protección do patrimonio) coñecer a potencialidade arqueolóxica da zona.

1.1. CONTEXTO XEOGRÁFICO.

1.1.1. Situación.

A zona onde se levaron a cabo os traballos silvícolas eléctricos estudada, concretamente, na parte centro-meridional do **Concello de Campo Lameiro** (Comarca de Pontevedra), máis ou menos, no entorno do núcleo habitado de **Paredes** (Parroquia de *Santa Eulalia de Efoimenta*), ao W-NW das casas que o conforman.

1.1.2. Emprazamento.

Dende o punto de vista topográfico a área concreta de traballo, que se atopa emprazada xusto á carón do límite noroeste do mencionado *Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre de Paredes-Piedaxoal*, vén definida por unha zona bastante elevada (as parcelas están situadas a unha cota aproximada de entre 750 e 850 metros sobre o nivel do mar), relativamente montañosa, de relevo irregular e, sobre todo, con desniveis considerables (15-20%) cara ó sur-suleste [2].

[1] Ver Gráfico 1 (Zona de Estudo Arqueolóxico). As Ortofotos que se mostran e aparecen gráficas proceden dun documento feito anteriormente por Belarmino VÁZQUEZ GÓMEZ. Tan só lograsen como base para este traballo, e como da situación do documento remontá-se ó ano de 2004 (ver Anexo Xeral: LOCAL e Nº Expediente: 07/2004 [ARQUEA] [Arqueoloxía SA.VIGO]). Detalle Memoria Técnica: Construtora Salgueiro e Desenvolvemento Paredes de Campo. "Nova Pedreira y Ser Pedra de Campo Lameiro". "Monte Paredes" – Campo Lameiro – Pontevedra.

[2] Ver Gráfico 2. Situ. e ent. da área de traballo.

Unha vez rematado o traballo de campo correspondente ao **Control arqueolóxico de roza e poda no "Monte de Paredes" (Paredes – Campo Lameiro - Pontevedra)**, e tal e como se esixe no *Capítulo III, artigo 11º do Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia*, pasamos a expoñer a obrigada ***Memoria Técnica*** onde se detallan os resultados do proxecto arqueolóxico arriba mencionado.

Tal e como se relataba no Proxecto de obra previo ó traballo de campo, a maiores da importancia que dende o punto de vista arqueolóxico poida ter a área afectada polos desbroces, os terreos atópanse ó carón do futuro ***Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Paredes-Praderrei*** polo que se convirte en necesario (tanto para os propietarios dos terreos como para as administracións encargadas da protección do patrimonio) coñecer a potencialidade arqueolóxica da zona.

1.1. CONTEXTO XEOGRÁFICO. [1]

1.1.1. Situación.

A zona onde se levaron a cabo os traballos silvícolas atópase situada, aproximadamente, na parte centro-meridional do **Concello de Campo Lameiro** (provincia de Pontevedra); máis en concreto, no entorno do núcleo habitado de **Paredes** (parroquia de ***Santa María de Moimenta***), ao W-NW das casas que o conforman.

1.1.2. Emprazamento.

Dende o punto de vista *topográfico* a área concreta de traballo, que se atopa emprazada xusto ó carón do límite norleste do mencionado ***Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Paredes-Praderrei***, ven definida por unha zona bastante elevada (os terreos están situados a unha cota aproximada de entre 250 e 330 metros sobre o nivel do mar), relativamente montañosa, de relevo irregular e, sobre todo, con desniveis considerables (15-20%) cara ó sur-surleste [2].

---

[1] Ver ***lámina 1***: plano de situación xeográfica. As láminas que conforman o apartado gráfico presentado neste documento foron elaboradas por **Alejandra VÁZQUEZ GROBAS**. Para elo tomouse como base, entre outros, o plano de situación do documento asinado en maio de 2004 por **Andrés NOVO LOMBAO** e **Mª Cristina OTERO BESADA** (empresa **SILVANUS**) titulado ***Memoria Técnica Cuidados Selvícolas o Tratamientos Parciales de Cultivo: Roza Previa a las Podas y Podas en Masas de Coníferas. "Monte Paredes" – Campo Lameiro – Pontevedra***.

[2] Ver ***lámina 2***: localización da área de intervención.

Dentro das características *fisiográficas* do terreo hai que mencionar a presencia dun pequeno coto, situado no extremo norte, que se encontra separado dunha pequena dorsal descendente cara o sur por unha estreita vagoada de orientación NW-SE.

1.2. CONTEXTO ARQUEOLÓXICO.

1.2.1. Administrativo/Patrimonial.

Hai que ter en conta que, xa antes de iniciar o traballo de campo, tiñamos coñecemento, a través de variadas referencias bibliográficas e documentais [3], que o tipo de xacementos arqueolóxicos que predominan no entorno desta zona de Paredes son os ***gravados rupestres***. É sabido que estas formas de representación gráfica ó ar libre, a partir do artigo *40.2* da **Ley 16 de 25 de junio de 1985 del Patrimonio Histórico Español**, quedaron declarados como *Bienes de Interés Cultural* por ministerio da propia Lei. Esto veu significar que tódolos petroglifos da Comunidade Autónoma de Galicia posúen esa mesma consideración e disfrutan da máxima protección patrimonial.

Loxicamente, polo exposto no párrafo anterior, os petroglifos emprazados xunto á zona afectada polo desbroce realizado quedaron declarados **B.I.C.** en virtude da Lei citada. Incluso, algúns do seu entorno inmediato, xa tiñan unha declaración específica a través do *decreto 3741/1974 do 20 de decembro* (B.O.E. do 10 de marzo de 1975): por exemplo, entre outras, as estacións coñecidas como ***Laxe dos Cabalos***, localizada inmediatamente ó sur dos terreos afectados por este proxecto de intervención.

1.2.2. O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre.[4]

Amáis das circunstancias xerais comentadas no capítulo anterior, hai que ter en conta outro elemento legal de protección recentemente aprobado: a zona de traballo está incluida dentro da área declarada **Ben de Interese Cultual** con categoría de **Zona Arqueolóxica** (trátase do réxime de protección máis alto que se contempla na propia ***Lei de Patrimonio Cultural de Galicia***) e ó carón mesmo dos límites establecidos para o **Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Paredes-Praderrei**.

---

[3] Ás que hai que engadir varios traballos de campo realizados no entorno.

[4] Á información que a continuación se expón está elaborada a partir de **REY GARCÍA, J.M.; INFANTE ROURA, F.; RODRÍGUEZ PUENTES, E. e TALLÓN NIETO, Mª.J. (2004):** *O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre. Ideas, estratexias e accións para unha xestión integral dos petroglifos galegos.* R.G.P.A.; caderno nº 3. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo – Xunta de Galicia. Desta mesma publicación está sacada a base para a elaboración da ***lámina 3***.

O expediente administrativo para esta declaración da comezo a través dunha ***Resolución*** da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (do *16 de abril de 2001*), pola que se incoa expediente para a declaración de Ben de Interese Cultural coa categoría de Zona Arqueolóxica da área de gravados rupestres de Paredes-Praderrei (Campo Lameiro); todo este proceso remata coa aprobación do ***Decreto*** *221/2002 do 20 de xuño.*

A superficie da Zona Arqueolóxica acada as 107,60 hectáreas, mentres que o Parque Arqueolóxico ocupa un espazo máis reducido, dentro da propia Z.A., de 21,87 ha, englobando no seu interior case que a totalidade dos gravados rupestres coñecidos neste entorno.

Unha vez delimitadas estas áreas, houbo que levar a cabo unha modificación das ordeanzas urbanísticas do Concello de Campo Lameiro co fin de xestionar dun xeito máis efectivo e eficaz os espazos cautelados. Este feito foi solucionado a través da redacción e posterior aprobación dun ***Proxecto Sectorial*** que facilitou e contemplou, entre outras cuestións, a existencia dunha ordenación urbanística integral da zona, a realización dun estudio de impacto ambiental, etc.

En definitiva grazas a todo este proceso, o réxime de protección legal da zona arqueolóxica dos gravados rupestres de Paredes-Praderrei, quedou establecido con dous niveis (ver ***lámina 3***). Por unha banda o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre, emprazado na parte central da superficie protexida, e que está regulado a través do citado Proxecto Sectorial; e por outra banda os terros que rodean o propio P.A., que funcionan como un verdadeiro ámbito de protección perimetral do mesmo, xa que no interior desta superficie obrígase a que calquera actuación que se desenvolva nela necesite a autorización expresa da administración de cultura. Esta última circunstancia é a que obrigou á realización do control arqueolóxico obxecto da presente memoria técnica.

1.2.3. Arqueolóxicos (investigación/intervencións).

As investigacións e estudios que trataron e seguen a tratar o tema dos gravados rupestres galegos, e máis en concreto os situados no Concello pontevedrés de Campo Lameiro, son tan numerosos que resulta case imposible facer unha relación de todos eles sen esquecer ningún.

Pódese considerar que os primeiros traballos nesta zona comezan prácticamente con este século, gracias a **D. Ramón Sobrino Buhigas** que no ano 1935 publica, a través do Seminario de Estudos Galegos, o seu destacado *Corpus petroglyphorum Gallaeciae*. O seu labor terá continuación a través do seu propio fillo, **Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza**, durante os anos cincuenta.

Tamén a mediados deste século, **Florentino López Cuevillas, J. Filgueira Valverde** xunto con **A. García Alén**, ou **Carlos Paratcha Vázquez**, e posteriormente nos anos sesenta o italiano **Emmanuel Anati**, seguen con tarefas de campo e bibliográficas. Así se chega á década dos setenta onde outro italiano, **Cesare**

G. Borgna, dirixe un equipo de investigación que continúa o labor de Anati. Nesta mesma década publícanse textos asinados por autores como **A. García Alén**, **M.C. García Martínez** e **R. Fontanini**, **J. Cabaleiro Manzanedo** ou **J.M. Vázquez Varela** e **A. de la Peña Santos**. Xa a comezos dos anos oitenta, **Antonio Álvarez Núñez** leva a cabo un intenso traballo de campo realizando con elo un completo inventario dos petroglifos de Campo Lameiro. Finalmente, en datas máis recentes, cabe salientar os novos traballos e publicacións de Vázquez Varela; A. de la Peña xunto con **J.M. Rey García**; **F.J. Costas Goberna**; ou **R. Bradley**, **F. Criado** e **R. Fábregas**.

En canto ás intervencións arqueolóxicas directas realizadas dende comezos deste século sobre os gravados (rexistro, escavación, limpeza, sinalización...), algunhas delas auspiciadas por *organismos da administración*, cabe destacar:

- A comezos de século **Ramón Sobrino Buhígas** xa intentaba resaltar o suco dos gravados con algún tipo de pintura ou pigmento.

- Entre 1967 e 1971 **C. G. Borgna**, coa colaboración da ***Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos***, realiza varios moldes de plastilina cunha limpeza previa das pedras (en concreto na *Laxe dos Cabalos*, *Fonte da Pena Furada* e *Outeiro do Cogoludo*).

- En 1974 a ***Deputación Provincial de Pontevedra*** xunto co ***Concello de Campo Lameiro*** auspician o denominado *"Día de exaltación da Arte Rupestre"*, levándose a cabo unha apertura de accesos ata algúns dos conxuntos, a instalación de carteis sinalizadores e a realización de moldes de escaiola dalgunhas pedras para unha posterior exposición.

- Escavación e limpeza no gran conxunto de *Laxe dos Carballos (GA36007014)*, baixo a dirección do arqueólogo **Antonio de la Peña Santos**, no ano 1983. Nestes traballos descubríronse unha boa cantidade de novas insculturas entre as que destaca un gran cérvido con varias lanzas cravadas no seu lombo.

- En 1987 mediante un convenio Xunta de Galicia/INEM acométense os *traballos de limpeza e acondicionamento das insculturas rupestres do Concello de Campo Lameiro*, a cargo de **Clara E. Garrido Martínez** e **José M. Suárez Estévez**, baixo o asesoramento técnico de **Antonio Álvarez Núñez**.

- Dentro do denominado *Proxecto de conservación e sinalización dos Petroglifos de Campo Lameiro* (elaborado por **Antonio Álvarez Núñez**), levouse a cabo entre os últimos meses do ano 1989 e primeiros do 1990, unha serie de tarefas consistentes no acondicionamento do entorno para facilitar o acceso ós gravados, limpeza da cuberta vexetal (roza) da zona e sinalización dos grupos

rochosos con representacións. O traballo estivo dirixido a pé de obra polos arqueólogos **Víctor Barbi Alonso** e **Rafael Penedo Romero**. Pódese considerar unha segunda campaña do proxecto citado no párrafo anterior.

- No ano 1997 foi realizada a *Prospección e delimitación planimétrica de xacementos arqueolóxicos en Campo Lameiro*, a través do cal se estableceron áreas de protección concretas sobre os mesmos (dirección de **Javier Luaces Anca** e participación no equipo técnico de **Cristina Toscano Novella**).

- Durante o mesmo ano 1997, desenvolveuse o proxecto titulado *Traballos de localización e rexistro dos gravados rupestres do ámbito espacial do futuro parque temático da arte rupestre de Paredes (Campo Lameiro - Pontevedra)*, a cargo do arqueólogo **Santiago Vázquez Collazo** e a restauradora especialista en materiais e xacementos arqueolóxicos **Rosa Benavides García**.

- Finalmente, cando por parte da **Xunta de Galicia** xe se puxo en marcha o ***Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Paredes-Praderrei***, foronse levando a cabo diversas actuacións partrimoniais e de investigación tanto no ámbito xeral do parque como, dun xeito máis concreto, sobre algunhas das estacións rupestres (por exemplo na *Laxe do Carballos*). Estes traballos foron dirixidos por numerosos arqueólogos e investigadores representando a diferentes institucións galegas, españolas e europeas: Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe (LAr) do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (centro mixto do CSIC); Laboratorio de Paleoambiente, Patrimonio e Paisaxe (LPPP) do Instituto de Investigacións Tecnolóxicas da Universidade de Santiago de compostela; Instituto Rocasolano (CSIC); Universidades de goteborg, Umea e Uppsala (Suecia); Universidade Politécnica de Madrid; etc.

2. ESTRUCTURA DE OBRA.

2.1. OBXECTIVOS DA INTERVENCIÓN.

A intervención arqueolóxica levou, sobre todo, un marcado carácter preventivo e patrimonial, xa que a función básica do técnico arqueólogo responsable da mesma foi o de intentar localizar novas rochas con gravados e, no caso de que isto fosse así, evitar que se afectasen ou destruísen como consecuencia dos traballos silvícolas levados a cabo na zona. En relación con esta última tarefa, no proxecto arqueológico apontábase un posible "segundo nivel de atención ou control" con respecto ás gravadas na rexistradas e que se encontran dentro dos límites do Parque da Arte Rupestre de Paredes-Piedenal; sen embargo, a pesar da súa proximidade á área de desbroce e tal e como estaba previsto, estas pedras non os viron afectadas en absoluto por ningunha das labouras realizadas.

Co traballo de prospección arqueolóxica tamén se foi levando a cabo un proceso de avaliación máis preciso da potencialidade arqueolóxica duns terreos que están incluídos dentro da Zona Arqueológica de protección do parque. Evidentemente, para poder facer isa avaliación dun xeito adecuado, resultou imprescindible a realización deste traballo do cal agora vén a ser unha base ou un ponto de partida para a toma de posteriores decisións e/ou actuacións de índole patrimonial.

Esto supón que dentro dos obxectivos primordiais da actuación que desenvolvemos nos referimos, polo menos, a localización (mediante a realización dunha prospección arqueolóxica intensiva, logo da tala do arbolado e o desbroce da vegetación existente na zona), segundo, un completo inventario (elaboración de fichas descritivas con aparato gráfico incluído), en terceiro lugar, a delimitación dunha área de protección concreta, de cada un dos xacimentos arqueolóxicos que puideran ser atopados.

2.2. CONDICIÓNS DE OBRA.

2.2.1.

Evidentemente houbo unha serie de factores que tiveron unha influencia moi positiva na realización do traballo; entre eles cabe sexalar a profusión de estudios, datos e, consecuentemente, referencias bibliográficas que existen sobre os xacimentos arqueolóxicos do entorno da zona a tratar. Unha mostra disto xa quedou reflexada e sinalada no anterior punto 1.2.3.

2.1. OBXECTIVOS DA INTERVENCIÓN.

A intervención arqueolóxica tivo, sobre todo, un marcado carácter ***preventivo*** e ***patrimonial***, xa que a función básica do técnico arqueólogo responsable da mesma foi o de intentar localizar novas rochas con gravados e, no caso de que este feito se tivera producido, evitar que se alterasen ou destruiran como consecuencia dos traballos silvícolas levados a cabo na zona. En relación con esta última tarefa, no proxecto arqueológico apuntábase un posible "segundo nivel de atención ou control" con respecto ós gravados xa rexistrados e que se encontran dentro dos límites do Parque da Arte Rupestre de Paredes-Praderrei; sen embargo, a pesar da súa proximidade a área de desbroce e tal e como estaba previsto, esas pedras non se viron afectados en absoluto por ningunha das labouras realizadas.

Co traballo de prospección arqueolóxica tamén se foi levando a cabo un proceso de ***avaliación*** máis preciso da potencialidade arqueolóxica duns terreos que están incluidos dentro da Zona Arqueolóxica de protección do parque. Evidentemente, para poder facer isa avaliación dun xeito adecuado, resultou imprescindible a realización deste traballo de campo que ven a ser unha base ou un punto de partida para a toma de posteriores decisións e/ou actuacións de índole patrimonial.

Esto supón que dentro dos **obxectivos** primordiais da actuación que describiremos nos seguintes párrafos estivo: primeiro, a ***localización*** (mediante a realización dunha prospección arqueolóxica intensiva, logo da tala de arborado e o desbroce da vexetación existente na zona); segundo, un completo ***rexistro*** (elaboración de fichas descriptivas con apartado gráfico incluído); en terceiro lugar, a delimitación dunha ***área de protección concreta***, de cada un dos xacementos arqueolóxicos que puideran ser atopados.

2.2. CONDICIÓNS DE OBRA.

2.2.1.

Evidentemente houbo unha serie de factores que tiveron unha influencia moi positiva na realización do traballo; entre eles cabe salientar a profusión de estudios, datos e, consecuentemente, referencias bibliográficas que existen sobre os puntos arqueolóxicos do entorno da zona a tratar. Unha mostra delo xa quedou reflexada e sinalada no anterior *punto 1.2.3.*

Por outra banda, un dos elementos casi sempre negativo, como é a presencia de abundante vexetación, viuse esta vez practicamente solucionado coa execución dos desbroces e podas previstas (e que foron realizados baixo o control do arqueólogo que asina este mesmo texto).

2.2.2.

Sen embargo tamén foron detectadas algunhas circunstancias negativas para a boa conservación do patrimonio arqueolóxico. Deste xeito, se ben estamos en terreos que se manteñen á marxe dalgún tipo de crecemento urbanístico, non hai que esquecer os posibles danos que xa puido ter provocado a vexetación existente na zona (plantacións de monte de repoboación con piñeiro e eucalipto xunto con monte baixo moi frondoso de toxo, xesta, etc., sen esquecer a presencia de grandes acacias - *fotografía 1*). Afortunadamente os terreos obxecto desta memoria quedaron libres dos incendios que durante o mes de agosto asolaron esta zona de Galicia. Tamén hai que mencionar como elemento negativo de cara á conservación das pedras con gravados, a apertura en tempos pretéritos de varias canteiras para a obtención de materia prima destinada á construcción.

Fotografía 1: estado da vexetación antes do desbroce realizado.

Hai que ter en conta tamén, o proceso de deterioro (erosión dos sucos, colonias de fungos, etc.) que os gravados rupestres galegos veñen sufrindo nas últimas décadas o que complica enormemente a localización dos mesmos, incluso de pedras xa coñecidas. Finalmente, outra circunstancia que dificulta e incluso imposibilita o rexistro de petroglifos é a presencia de sedimento vexetal (follas, musgo, etc.) debido ao tempo que a zona estivo cuberta de vexetación sen "control" de limpeza.

2.3. EQUIPO TÉCNICO E MATERIAL.

2.3.1.

A composición do *equipo técnico e persoal* participante nos traballos foi o seguinte:

- Un técnico arqueólogo (director de intervención): **Santiago VÁZQUEZ COLLAZO**[5].

- Un técnico debuxante: **Alexandra VÁZQUEZ GROBAS**.

2.3.2.

O *equipo de infraestructura*:

- O *rexistro fotográfico* foi realizado mediante tomas en soporte dixital.

- Navegador *Garmin etrex*.

- A *cartografía* disponible corresponde á escala 1:10.000 (reduccións a 1:20.000, da antiga C.O.T.O.P. da Xunta de Galicia) e 1:5.000 (da Xunta de Galicia).

- *Maquinaria* de desbroce e poda: motodesbrozadora e/ou podadora mecánica de altura para o traballo manual e tractor forestal de neumáticos para as labouras mecánicas.

2.4. DURACIÓN-HORARIOS.

* Preprospección: 1 xornada.

[5] Hai que indicar que en orixe o director da intervención era Víctor BARBI ALONSO, producíndose o cambio de dirección a través dun documento, asinado polo Director Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, con data de 7 de agosto de 2006.

* Traballo de campo: 7 xornadas (se ben, en proxecto, estaba previsto o emprego de 5 xornadas).

* Traballo de gabinete final (elaboración da presente *Memoria Técnica*): 7 xornadas.

* **TOTAL**: 15 xornadas de traballo efectivo.

3. METODOLOXÍA.

Tal e como é habitual neste tipo de intervencións, o traballo livo tres fases ou ámbitos de actividade: unha primeira de *consulta bibliográfica e documental*, unha segunda de *prospección arqueológica* e, finalmente, unha terceira fase consistente no revisión dos *xacimentos arqueolóxicos* localizados nos tempos e fases durante a prospección de campo. A súa vez, cada unha desas tres xiqueri, estivo subdividida en varias actuacións concretas a realizar.

3.1. PLANO DE INTERVENCIÓN.

3.1.1. Consulta bibliográfica e documental.

Xa nos lemos referido a ela en capítulos precedentes pelo que non imporemos máis neste aspecto. Tan só sinalar que vaia a ser un traballo de gabinete imprescindible antes de iniciar o campo.

3.1.2. Control de desbroce e prospección arqueológica.

Estas dúas actividades ropiesen o traballo de campo propiamente dito e foron realizadas coetaneamente o desgarramento e pá por todo o terreno afectado (en total unha superficie de algo menos de 11 hectáreas). A inspección deste terreno foi levada a cabo dun xeito intensivo, sobre todo nas áreas onde aparecían rochas que xuntaban sinais de soporte para gravadas.

Por outra banda, insistindo no sinalado nos párrafos precedentes, é moi importante salientar que a prospección final estivo totalmente condicionada e relacionada coa actividade forestal prevista. Aínda que esa actividade livo dúas fases, unha inicial de desbroce e outra final de poda baixa selectiva, foi a realizada en primeiro lugar a que estivo directamente relacionada co traballo arqueológico. Isto quo significou que a vegetación existente antes da limpeza era tan espesa que ata impedía correcto o desplazamento pola finca (fotografía 1).

Se ben en principio estaba previsto facer un desbroce mecanizado de entre o 60% e o 80% do terreno (en zonas de pendente de 0-35%) con tractor de orugas, finalmente este superficie foi moito menor debido á nula accesibilidade (árbores plantadas que impedían o fácil movimento da máquina por estar xa parte da finca afectada polos traballos (fotografía 2). Esta última

[2] Na relación de Bibliografía consultada figuran todos a documentación empregada e consultada durante o desenvolvimento deste traballo.

[1] Ver Anexo 1.

Tal e como é habitual neste tipo de intervencións, o traballo tivo tres fases ou ámbitos de actividade: unha primeira de *consulta bibliográfica e documental*, unha segunda de *prospección arqueolóxica* e, finalmente, unha terceira fase consistente no *rexistro dos xacementos arqueolóxicos* localizados nos terreos a tratar durante a prospección de campo. A súa vez, cada unha desas tres etapas, estivo subdividida en varias actuacións concretas a realizar.

3.1. PLANO DE INTERVENCIÓN.

3.1.1. Consulta bibliográfica e documental.

Xa nos temos referido a ela en capítulos precedentes polo que non incidiremos máis neste aspecto. Tan só sinalar que ven a ser un traballo de gabinete imprescindible antes de saír ó campo [6].

3.1.2. Control de desbroce e prospección arqueolóxica.

* Estas dúas actividades supuxeron o traballo de campo propiamente dito e foron realizados mediante o ***desprazamento a pé*** por todo o terreo afectado (en total unha superficie de algo menos de 11 hectáreas [7]). A inspección dese terreo foi levada a cabo dun xeito intensivo, sobre todo nas áreas onde aparecían rochas que puidesen servir de soporte para gravados.

* Por outra banda, insistindo no sinalado nos párrafos precedentes, é moi importante salientar que a prospección final estivo totalmente condicionada e relacionada coa actividade forestal prevista. Aínda que esa actividade tivo dúas fases, unha inicial de **desbroce** e outra final de **poda** baixa selectiva, foi a realizada en primeiro lugar a que estivo directamente relacionada co traballo arqueolóxico. Hai que salientar que a vexetación existente antes da limpeza era tan espesa que nin siquera permitía o desprazamento pola finca (*fotografía 1*):

Se ben en principio estaba previsto facer un ***desbroce*** mecanizado de entre o 80% e o 83% do terro (en zonas de pendente de 0-35%) con tractor de neumáticos, finalmente esta superficie foi moito menor debido á mala distribución das árbores prantadas que impedían o fácil movemento da máquina por unha boa parte da área afectada polos traballos (*fotografía 2*). Esta última

[6] No apartado de **Bibliografía** aparece referenciada toda a documentación empregada e consultada durante o desenvolvemento deste traballo.

[7] Ver *lámina 2*.

circunstancia fixo que o desbroce mediante roza por corte con motodesbrozadora portátil con axuda de ferramentas manuais das liñas ou entrerúas, ocupara moita más superficie que o 15-20% da superficie prevista inicialmente (*fotografía 3*).

Fotografía 2: traballos mecánicos con tractor.

Finalmente, logo das labouras de desbroce e poda, recolléronse e acopiaronse os restos vexetais en cordóns alternos sen que posteriormente sufriran ningún tipo de tratamento (nin trituración con desbrozadoras, nin picado *in situ*).

Tal e como apuntamos máis arriba, e se sinala no propio proxecto de intervención, ista tarefa foi realizada baixo o control do arqueólogo responsable do mesmo.

Fotografía 3: traballos manuais.

3.1.3. Rexistro dos xacementos arqueolóxicos localizados.

Se ben no apartado de resultados falaremos con máis detalle desta circunstancia, debemos anticipar que **si** foron localizados novas pedras con gravados rupestres dentro dos terreos afectados polo control.

4. RESULTADOS.

* Antes de expoñer e describir dun xeito máis concreto os resultados do traballo, comezaremos por indicar que a zona de intervención se podería subdividir en dous sectores se falamos dende o punto de vista *petrográfico*; esta división estaría marcada por unha vagoada de orientación noroeste-surleste situada ao oeste-noroeste do núcleo de Paredes (***lámina 4***):

- **Sector 1-norte:** onde destaca a presencia de afloramentos de granito composto de gran moi groso (*fotografía 4*), que resultan moi pouco "propicios" para a presencia de gravados rupestres. Nesta área non foi localizado ningún petroglifo.

Fotografía 4: tipo de pedra existente no sector norte da área de intervención.

- **Sector 2-meridional:** sector no que os afloramentos rochosos son de granito de gran moito máis fino (ver *fotografías* das fichas de rexistro dos petroglifos localizados); neste caso, é o tipo de pedra máis habitual como soporte dos petroglifos galegos. Aquí, como diciamos, si foron rexistrados varios motivos gravados.

* En total foron localizadas e rexistradas ***catro*** novas pedras gravadas (das que en páxinas seguintes se sinalan as súas características principias), todas elas emprazadas nun pequeno coto rochoso situado na parte leste da cabeceira dunha vagoada (xusto na ruptura de pendente) que, en dirección norte-sur, practicamente delimita a zona agora desbrozada do *Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Paredes-Praderrei* (***lámina 4***). De tódolos xeitos, todo o ámbito do denominado sector meridional ofrece unha serie de características que fan pensar na presencia de máis petroglifos na zona: topografía (pequena vagoada), tipo de pedra existente (granito de gran fino), características morfolóxicas dos propios afloramentos, proximidade de máis pedras gravadas, etc. Sen embargo, a maior parte dos afloramentos citados, están cubertos dunha potente capa de sedimento vexetal (follas, musgo, etc.) que dificultan, cando non imposibilitan, a súa inspección visual sen que antes se leve a cabo unha limpeza das rochas. Estamos convencidos que, de aquí en adiante, seguirán localizándose novos elementos neste sector.

PETROGLIFOS DE MONTE PAREDES (PEDRA 1).
GA36041-P1. Paredes (Santa María de Moimenta – Campo Lameiro).

Cartografía:

Folla 1:5.000: 152-68
Folla 1:10.000: 152-34

Coordenadas UTM-X: 539.062	**Latitude:**
Coordenadas UTM-Y: 4.710.782	**Lonxitude:**

Altitude: 322 m.s.n.m.

Emprazamento topográfico: Beira dunha pequena penichaira, na ruptura de pendente cara a súa ladeira sur-surleste (cabeceira dunha vagoada).

Adscrición tipolóxica: Representación gráfica ó aire libre (petroglifo).

Adscrición cultural: Calcolítico/Idade do Bronce.

Descrición:

Pedra de granito de alomenos 1,30 por 1 metro (o tamaño é maior pero a súa parte sur está cuberta por outra pedra). Semella estar movida da súa posición orixinal a causa dos traballos de cantería feitos no cotiño rochoso no que se empraza. Aparece en posición case que vertical, apoiando no terreo a cara que soporta os gravados e levantando uns 80 centímetros a parte de atrás. A zona con gravados ten unha superficie irregular e está inclinada-orientada ao oeste.

Resulta difícil determinar a tipoloxía dos motivos gravados, inclinándonos a pensar na presencia de, alomenos, os cuartos traseiros dun zoomorfo (para o cal tamén se aproveitarían as irregularidades da pedra).

Bibliografía:

INÉDITA.

PETROGLIFOS DE MONTE PAREDES (PEDRA 1)



PETROGLIFOS DE MONTE PAREDES (PEDRA 2).
GA36041-P2. Paredes (Santa María de Moimenta – Campo Lameiro).

Cartografía:

Folla 1:5.000: 152-68
Folla 1:10.000: 152-34

Coordenadas UTM-X: 539.058	**Latitude:**
Coordenadas UTM-Y: 4.710.790	**Lonxitude:**

Altitude: 323 m.s.n.m.

Emprazamento topográfico: Beira dunha pequena penichaira, na ruptura de pendente cara a súa ladeira sur-surleste (cabeceira dunha vagoada).

Adscrición tipolóxica: Representación gráfica ó aire libre (petroglifo).

Adscrición cultural: Calcolítico/Idade do Bronce.

Descrición:

Pedra de granito de 1,70 por 0.90 metros (medidas máximas) situada a 2 metros ao oeste da P1 (na fotografía pódese ver en segundo plano). Trátase dun batolito granítico que pola parte SE é completamente vertical (sobresae do terreo 1,90 m de altura) e está situado no cumio do pequeno coto rochoso. Amosa unha superficie gravada irregular, en posición horizontal nos 2/3 da parte norte e algo inclinada no 1/3 restante da parte sur; está orientada ao sur-surleste. Cuberta de musgo e bastante colonizada, polo que é posible que teña máis motivos gravados que os que a continuación se describen. Abundan os restos de cantería arredor da rocha.

Foron detectados catro motivos (todos eles, menos M1, moi erosionados):

M1: combinación de catro círculos concéntricos (50 centímetros de diámetro) con cazoleta central (6 cm de diámetro); suco relativamente profundo.

M2: combinación de alomenos tres círculos concéntricos (en torno a 30 centímetros de diámetro) con cazoleta central (5 cm de diámetro); o suco a penas é visible.

M3: cazoleta de alomenos 7 centímetros de diámetro e uns 2 cm de fondo.

M4: cazoleta de 4 centímetros de diámetro e a penas fondo; poidera ser o centro doutra combinación circular.

Bibliografía:

INÉDITA.

PETROGLIFOS DE MONTE PAREDES (PEDRA 2)



PETROGLIFOS DE MONTE PAREDES (PEDRA 3).
GA36041-P3. Paredes (Santa María de Moimenta – Campo Lameiro).

Cartografía:

Folla 1:5.000: 152-68
Folla 1:10.000: 152-34

Coordenadas UTM-X: 539.057 | **Latitude:**
Coordenadas UTM-Y: 4.710.792 | **Lonxitude:**

Altitude: 322 m.s.n.m.

Emprazamento topográfico: Beira dunha pequena penichaira, na ruptura de pendente cara a súa ladeira sur-surleste (cabeceira dunha vagoada).

Adscrición tipolóxica: Representación gráfica ó aire libre (petroglifo).

Adscrición cultural: Calcolítico/Idade do Bronce.

Descrición:

Pedra de granito de 1,10 por 0,35 metros (medidas máximas) situada a 2 metros ao norte da P2. Aparece en posición horizontal, apoiada no terreo que nesta zona posúe algo menos de pendente. Trátase dunha rocha movida da súa posición orixinal por mor dos traballos de extracción feitos na zona. A superficie gravada é bastante regular.

Tan só foi rexistrada unha cazoleta de 4,5 centímetros de diámetro e 1 cm de fondo, e un pequeno suco indeterminado.

Bibliografía:

INÉDITA.

PETROGLIFOS DE MONTE PAREDES (PEDRA 3)



PETROGLIFOS DE MONTE PAREDES (PEDRA 4).
GA36041-P4. Paredes (Santa María de Moimenta – Campo Lameiro).

Cartografía:

Folla 1:5.000: 152-68
Folla 1:10.000: 152-34

Coordenadas UTM-X: 539.050 | **Latitude:**

Coordenadas UTM-Y: 4.710.794 | **Lonxitude:**

Altitude: 319 m.s.n.m.

Emprazamento topográfico: Beira dunha pequena penichaira, na ruptura de pendente cara a súa ladeira sur-surleste (cabeceira dunha vagoada).

Adscrición tipolóxica: Representación gráfica ó aire libre (petroglifo).

Adscrición cultural: Calcolítico/Idade do Bronce.

Descrición:

Pedra de granito de 1,80 por 1,10 metros (medidas máximas) situada a 5,50 metros ao noroeste da P3. Trátase dun afloramento moi afectado polos traballos de cantería que conta coa presencia de varias marcas para insertar cuñas de extracción e, incluso, unha parte arrincada que afectou aso gravados: unha destas marcas foi feita aproveitando a cazoleta central do M1. Aparece en posición horizontal: a parte oeste sobresae 1 metro do terreo, mentras que a parte leste está practicamente a ras de chan. A superficie gravada é bastante irregular e estaba moi cuberta de sedimento vexetal (sobre todo musgo).

Foron detectados dous motivos, con sucos bastante visibles:

M1: combinación de alomenos cinco círculos concéntricos (48 centímetros de diámetro) que debeu ter cazoleta central pero que foi aproveitada para facer o furado dunha cuña de extracción.

M2: combinación de alomenos seis círculos concéntricos (48 centímetros de diámetro) con cazoleta central (4 cm de diámetro e pouco fondo).

Bibliografía:

INÉDITA.

PETROGLIFOS DE MONTE PAREDES (PEDRA 4)



5. APARTADO GRÁFICO (LÁMINAS).



Lámina 1: Situación xeográfica da área de intervención



tomoΣ CONSERVACIÓN RESTAURACIÓN ARQUEOLOXÍA	**CONTROL ARQUEOLÓXICO DE ROZA E PODA NO "MONTE DE PAREDES" (PAREDES - CAMPO LAMEIRO- PONTEVEDRA)**
Escala: 1:5.000	LENDA:
Gráfica	**Límite do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre** / **Área de traballo**
DATA: Maio 2006	**Límite do BIC Zona Arqueolóxica** / **Petroglifos**

Lámina 2: Área de intervención



tomoΣ CONSERVACIÓN RESTAURACIÓN ARQUEOLOXÍA	**CONTROL ARQUEOLÓXICO DE ROZA E PODA NO "MONTE DE PAREDES" (PAREDES - CAMPO LAMEIRO- PONTEVEDRA)**
Escala Aprox.: 1:9.444	LENDA:
Gráfica	**Límite do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre** / **Área de traballo**
DATA: **Maio 2006**	**Límite do BIC Zona Arqueolóxica**

Lámina 3: Localización da área de intervención en relación co BIC Zona Arqueolóxica e co Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre



tomoΣ CONSERVACIÓN RESTAURACIÓN ARQUEOLOXÍA	**CONTROL ARQUEOLÓXICO DE ROZA E PODA NO "MONTE DE PAREDES" (PAREDES - CAMPO LAMEIRO- PONTEVEDRA)**
Escala: 1:5.000	LENDA:
Gráfica	**Límite do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre** — **Área de traballo**
DATA: Outubro 2006	**Límite do BIC Zona Arqueolóxica** — **Petroglifos** — **Novos petroglifos**

Lámina 4: Localización dos novos petroglifos.

6. BIBLIOGRAFÍA.

ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.

- 1982: *Los petroglifos de Campo Lameiro.* Tesis de Licenciatura, Inédita. Facultade de Xeografía e Historia. Santiago de Compostela.

- 1994: *Campo Lameiro, donde la Historia se escribió en piedra.* Concello de Campo Lameiro. Pontevedra.

BRADLEY, R., CRIADO BOADO, R. e FÁBREGAS VALCARCE, R.; 1994. Los petroglifos como forma de apropiación del espacio: algunos ejemplos gallegos. *Trabajos de Prehistoria*, 51, nº2. C.S.I.C. Madrid.

COSTAS GOBERNA, F.J., PEÑA SANTOS, A. de la e REY GARCÍA, J.M.; 1993. *El arte rupestre en Campo Lameiro.* Concello de Campo Lameiro.

GARCÍA ALÉN, A. e PEÑA SANTOS, A. de la; 1980. *Grabados rupestres de la Provincia de Pontevedra.* Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

GARCÍA MARTÍNEZ, M.C. e FONTANINI, R.; 1971. El complejo insculórico-rupestre de Paredes (Campo Lameiro, Pontevedra). *Cuadernos de Estudio Gallegos*, XXVI. Santiago.

LUACES ANCA, J.; 1987. *Prospección e delimitación planimétrica dos lecamentos arqueolóxicos de Campo Lameiro.* Informe depositado nos Servicios de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Xunta de Galicia).

NOVO LOMBAO, A. e OTERO BEBADA, Mª C. (empresa SILVANUS); 2004. *Memoria Técnica Cuidados Selvícolas o Tratamientos Parciales de Cultivo: Roza Previa a las Podas y Podas en Masas de Coníferas. "Monte Paredes" – Campo Lameiro – Pontevedra.*

PEÑA SANTOS, A. de la e VÁZQUEZ VARELA, J.M.; 1979. *Los petroglifos gallegos. Grabados rupestres al aire libre en Galicia.* Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos, 30. Sada (3ª edición de 1996).

REY GARCÍA, J.M.; INFANTE ROURA, F.; RODRÍGUEZ FUENTES, E. e TALLÓN NIETO, Mª J. (2004). *O Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre. Ideas, estratégias e acciões para unha xestión integral dos petroglifos galegos.* R.G.P.A.; caderno nº 3. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo – Xunta de Galicia.

ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.

- 1982: *Los petroglifos de Campo Lameiro.* Tése de Licenciatura, inédita. Facultade de Xeografía e Historia. Santiago de Compostela.

- 1984: *Campo Lameiro, donde la Historia se escribió en piedra.* Concello de Campo Lameiro. Pontevedra.

BRADLEY, R., CRIADO BOADO, R. e FÁBREGAS VALCARCE, R.; 1994. Los petroglifos como forma de apropiación del espacio: algunos ejemplos gallegos. *Trabajos de Prehistoria*, 51, nº2. C.S.I.C. Madrid.

COSTAS GOBERNA, F.J., PEÑA SANTOS, A. de la e REY GARCÍA, J.M.; 1993. *El arte rupestre en Campo Lameiro.* Concello de Campo Lameiro.

GARCÍA ALÉN, A. e PEÑA SANTOS, A. de la; 1980. *Grabados rupestres de la Provincia de Pontevedra.* Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

GARCÍA MARTÍNEZ, M.C. e FONTANINI, R.; 1971. El complejo inscultórico-rupestre de Paredes (Campo Lameiro, Pontevedra). *Cuadernos de Estudio Gallegos*, XXVI. Santiago.

LUACES ANCA, J.; 1997. *Prospección e delimitación planimétrica dos xacementos arqueolóxicos de Campo Lameiro.* Informe depositado nos Servicios de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Xunta de Galicia).

NOVO LOMBAO, A. e OTERO BESADA, Mª C. (empresa SILVANUS); 2004. *Memoria Técnica Cuidados Selvícolas o Tratamientos Parciales de Cultivo: Roza Previa a las Podas y Podas en Masas de Coníferas. "Monte Paredes" – Campo Lameiro – Pontevedra.*

PEÑA SANTOS, A. de la e VÁZQUEZ VARELA, J.M.; 1979. *Los petroglifos gallegos. Grabados rupestres al aire libre en Galicia.* Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos, 30. Sada (3ª edición de 1996).

REY GARCÍA, J.M.; INFANTE ROURA, F.; RODRÍGUEZ PUENTES, E. e TALLÓN NIETO, MªJ. (2004). *O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre. Ideas, estratexias e accións para unha xestión integral dos petroglifos galegos.* R.G.P.A.; caderno nº 3. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo – Xunta de Galicia.

SOBRINO BUHÍGAS, R.; 1935. *Corpus petroglyphorum Gallaeciae.* Seminario de Estudos Galegos. Santiago de Compostela.

VÁZQUEZ COLLAZO, S.

- **1997.** *Informe de Valoración sobre os traballos de localización e rexistro dos gravados rupestres do ámbito espacial do futuro parque temático da arte rupestre de Paredes (Campo Lameiro-Pontevedra).* Depositado nos Servicios de Arqueoloxía da Xunta de Galicia.
- **1998.** *Memoria Técnica sobre os traballos de localización e rexistro dos gravados rupestres do ámbito espacial do futuro parque temático da arte rupestre de Paredes (Campo Lameiro-Pontevedra).* Depositado nos Servicios de Arqueoloxía da Xunta de Galicia.